



- **Asunto: Programas de Garantía Xuvenil**

*(ORDE do 12 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos á contratación das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. ORDE do 24 de setembro de 2015 pola que se modifica a ORDE do 12 de agosto de 2015)*

**Programa de incentivos á contratación das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.**

➤ **A finalidade é**

favorecer o emprego estable e facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

➤ **Vai dirixido**

as persoas empleadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, con centros de traballo en Galicia que contraten, de maneira indefinida ou temporal, ás persoas mozas desempregadas inscritas no **Sistema nacional de garantía xuvenil**.

- **Requisitos para inscribirse no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil**

- ✓ Ter nacionalidade española ou ser cidadáns da Unión ou dos Estados parte do Acordo Económico Europeo ou Suíza que se atopen en España en exercicio da libre circulación e residencia. Tamén poderán inscribirse os estranxeiros titulares dunha autorización para residir en territorio español que habilite para traballar.
- ✓ Ter o empadramento en calquera localidade do territorio nacional español.
- ✓ Ter máis de 16 anos e menos de 30 no momento de solicitar a inscrición no Fichero do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.
- ✓ No ter traballado nos 30 días naturais anteriores á data de presentación da solicitude.



- ✓ Non ter recibido accións educativas que impliquen máis de 40 horas mensuais nos 90 días naturais anteriores á data de presentación da solicitude.
- ✓ No ter recibido accións formativas que impliquen máis de 40 horas mensuais nos 30 días naturais anteriores á data de presentación da solicitude.
- ✓ Presentar unha declaración expresa de ter interese en participar no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, adquirindo un compromiso de participación activa nas actuacións que se desenvolven no marco da Garantía Xuvenil.

➤ **Para inscribirse no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil débese:**

Acceder ao portal da Consellería de traballo e Benestar e na área de traballo ver o Plan de emprego xuvenil e extratexia de Garantía Xuvenil.

- **Información de contacto**

Consellería de Traballo e Benestar: <http://traballo.xunta.es> , e na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es> .

Teléfono: **881 99 57 00**

Email: [garantiajuvenil@xunta.es](mailto:garantiajuvenil@xunta.es)

➤ **Contía de axudas para este programa son:**

As axudas recollidas nesta orde de convocatoria financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 11.02.322C 473.3, código de proxecto 2015 00 567, cun crédito de 2.899.321,83 euros; 11.02.322C.481.4, código de proxecto 2015 00 567, cun crédito de 299.926,02 euros.

➤ **Prazo de presentación**

O prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas establecidas nesta orde comezará o día seguinte ao da publicación da presente orde e **finalizará o 31 de outubro de 2015**». (Orde de 24 de setembro de 2015 que modifica a Orde do 12 de agosto de 2015)

Para a presentación de solicitudes as persoas ou entidades beneficiarias poderán contar co asesoramento **dos axentes de emprego** e desenvolvemento local da rede coordinada pola Consellería de Traballo e Benestar.



## **PROGRAMAS DE INCENTIVOS PREVISTOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL DAS PERSOAS NOVAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL.**

**Contratacións indefinidas** realizadas desde o 1 de outubro de 2014 ata o 31 de outubro de 2015 formalizadas con persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

As contratacións indefinidas iniciais incentivaranse cunha **axuda equivalente ao 100 % do custo salarial** establecido no contrato que se subvenciona, excluídas as cotizacións empresariais á Seguridade Social e calculado sobre dúas anualidades.

A contía do incentivo será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

Teñen **obriga de manter no seu persoal fixo** ás persoas traballadoras subvencionadas durante un **período de dous anos**.

## **PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS NOVAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL.**

**Contratacións de carácter temporal** realizadas desde o 1 de outubro de 2014 ata o 31 de outubro de 2015 formalizadas con persoas novas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

As contratacións temporais incentivaranse cunha **axuda equivalente ao 50 % do custo salarial** establecido no contrato que se subvenciona, **excluídas as cotizacións empresariais á Seguridade Social**.

No suposto de que a **persoa contratada sexa muller, persoa discapacitada ou unha persoa na que concorra algún dos factores de exclusión social** o incentivo será equivalente ao **60 % do custo salarial** establecido no contrato que se subvenciona, excluídas as cotizacións empresariais á Seguridade Social.

No caso de que a contratación sexa realizada para prestar servizos en **empresas pertencentes a sectores estratéxicos**, a contía do incentivo será unha axuda equivalente ao **65 % do custo salarial** establecido no contrato que se subvenciona, excluídas as cotizacións empresariais á Seguridade Social.